

3 Relaciona. Que expresa en cada caso a forma verbal destacada?

Meu pai <b>é</b> o carteiro da vila.	Un feito real
<b>Compra</b> o pan, por favor.	Unha posibilidade
Se <b>escribises</b> ben, entenderíante mellor.	Un desexo
Oxalá <b>chegasen</b> xa as vacacións!	Unha orde
<b>Divertímonos</b> moito no parque acuático.	
<b>Dúchate</b> antes de entrar na piscina, Xaime!	

4 Clasifica as formas verbais anteriores de acordo co modo en que están.

Indicativo	Subxuntivo	Imperativo
<u>é</u>	<u>escribises</u>	<u>compra</u>
<u>divertímonos</u>	<u>chegasen</u>	<u>dúchate</u>

5 Marca a forma correcta de expresar cada orde.



- Prohibido fumar.  
 Non fumamos.



- Utilizar as papeleiras.  
 Utilice as papeleiras.

6 Escribe unha orde afirmativa e unha orde negativa a partir da imaxe. Presta atención ao modo do verbo. RM.

- Lava os dentes despois de comer caramelos.
- Non abuses das larpeiradas.

